



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
**IES FERROL VELLO**

Rúa Alonso López, s/n.  
15401 FERROL  
Telf/Fax: 981353409  
E-mail: ies.ferrol.vello@edu.xunta.es  
<http://institutoferrolvello.es>



INICIATIVA DE EMPREGO XUVENIL  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÃO EUROPEA

# DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA  
1º DE ESO CURSO 2015-2016



## 1.1 Criterios de avaliación

### 1ª AVALIACIÓN

<i>Clave criterio de avaliación</i>	<i>Definición criterios de avaliación</i>	<i>Clave contido</i>	<i>Estándares de aprendizaxe</i>
B1.2.	Extraer a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais sinxelos dos ámbitos social e educativo, e seguir instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe con progresiva autonomía.	B1.2.	LGB1.2.1. LGB1.2.2.
B1.3.	Coñecer e apreciar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas, tanto espontáneas como planificadas.	B1.3.	LGB1.3.1. LGB1.3.2.
B2.1.	Aplicar técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.	B2.1.	LGB2.1.1. LGB2.1.2 LGB2.1.3 LGB2.1.4. LGB2.1.5. LGB2.1.6 LGB2.1.7
B2.2.	Comprender, interpretar e sintetizar textos da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil e normas e instrucións de uso.	B2.2.	LGB2.2.1.
B2.4.	Comprender, interpretar e sintetizar escritos do ámbito educativo do alumnado, especialmente, textos descritivos, narrativos e expositivos sobre as distintas materias curriculares: webs educativas, e información de dicionarios e enciclopedias en distintos soportes.	B2.4.	LGB2.4.1. LGB2.4.2.
B3.1.	Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula.	B3.1.	LGB3.1.1.
B3.2.	Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.	B3.2.	LGB3.2.1.
B3.3.	Usar eficazmente os dicionarios ou calquera outra fonte de consulta en calquera soporte, para resolver dúbidas e para progresar na aprendizaxe autónoma.	B3.3.	LGB3.3.1.
B3.4.	Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	B3.4.	LGB3.4.1. LGB3.4.2.

B3.6.	Recoñecer e explicar o uso das distintas categorías gramaticais, utilizar este coñecemento para distinguir erros e diferenciar as flexivas das non flexivas.	B3.6.	LGB3.6.1.
B3.9.	Coñecer as regras de concordancia e das funcións sintácticas principais no seo da oración para elaborar enunciados cun estilo cohesionado e correcto.	B3.9.	LGB3.9.1 LGB3.9.2
B4.1.	Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo, valorar positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a lusofonía e	B4.1. B4.2. B4.3.	LGB4.1.1. LGB4.1.2. LGB4.1.3. LGB4.1.4.
B5.1.	Ler, con regularidade e de maneira guiada, obras literarias para desenvolver o criterio lector; expor unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos, procurando asimilar os trazos estéticos xerais que definen cada texto.	B5.1.	LGLB5.1.1.
B5.2.	Comparar textos literarios e non literarios e diferenciar textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.	B5.2.	LGLB5.2.1. LGLB5.2.2.
B5.3.	Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións de poemas recitados ou cantados, sinalar a temática ou temáticas abordadas e describir os valores estilísticos dos textos.	B5.3.	LGLB5.3.1.

## 2ª AVALIACIÓN

<i>Clave criterio de avaliación</i>	<i>Definición criterios de avaliación</i>	<i>Clave contido</i>	<i>Estándares de aprendizaxe</i>
B1.5.	Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, as estratexias necesarias para realizar exposicións orais planificadas e participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas.	B1.5.	LGB1.5.1. LGB1.5.2.
B1.6.	Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	B1.6.	LGB1.6.1 LGB1.6.2 LGB1.6.3.
B1.7.	Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	B1.7.	LGB1.7.1 LGB1.7.2 LGB1.7.3.

			LGB1.7.4
B2.5.	Utilizar de forma guiada as bibliotecas e as TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.	B2.5.	LGB2.5.1.
B2.6.	Amosar unha actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexionar sobre os usos lingüísticos discriminatorios.	B2.6.	LGB2.6.1. LGB2.6.2.
B2.7.	Ler en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa.	B2.7	LGB2.7.1. LGB2.7.2 LGB2.7.3.
B2.8.	Planificar, producir e revisar o escrito co fin de producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente.	B2.8.	LGB2.8.1. LGB2.8.2 LGB2.8.3. LGB2.8.4. LGB2.8.5
B2.9.	Producir, en formato papel ou dixital, textos sinxelos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.	B2.9.	LGB2.9.1.
B3.1.	Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula.	B3.1.	LGB3.1.1.
B3.4.	Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	B3.4.	LGB3.4.1. LGB3.4.2.
B3.6.	Recoñecer e explicar o uso das distintas categorías gramaticais, utilizar este coñecemento para distinguir erros e diferenciar as flexivas das non flexivas.	B3.6.	LGB3.6.1.
B3.7.	Recoñecer, usar e reflexionar sobre os mecanismos da cohesión textual como a deíxe persoal.	B3.7.	LGB3.7.1
B3.8.	Recoñecer, usar e explicar os conectores textuais máis comúns (sobre todo os temporais e os explicativos).	B3.8.	LGB3.8.1
B3.10.	Recoñecer as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.	B3.10.	LGB3.10.1
B4.2.	Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo dos	B4.4.	LGB4.4.1

	contextos familiares do alumnado.		LGB4.2.2
B4.3.	Adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.	B4.5.	LGB4.3.1.
B5.4.	Ler expresiva e comprensivamente textos narrativos breves e recoñecer a funcionalidade dos elementos formais básicos.	B5.4.	LGB5.4.1
B5.5.	Ler dramatizada e comprensivamente, visionar pezas teatrais e apreciar os seus compoñentes e procedementos máis relevantes.	B5.5.	LGB5.5.1
B5.7.	Descibir e caracterizar os trazos definatorios básicos do cómic e a canción como linguaxes artísticas.	B5.7.	LGLB5.7.1 LGLB5.7.2 LGLB5.7.3 LGLB5.7.4

### 3ª AVALIACIÓN

<i>Clave criterio de avaliación</i>	<i>Definición criterios de avaliación</i>	<i>Clave contido</i>	<i>Estándares de aprendizaxe</i>
B1.1.	Comprender e interpretar a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais (noticias de actualidade) e elaborar un resumo.	B1.1.	LGB1.1.1. LGB1.1.2.
B1.4.	Identificar e contrastar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e identificar prexuízos ou mensaxes discriminatorias.	B1.4.	LGB1.4.1. LGB1.4.2. LGB1.4.3.
B1.8.	Participar activamente en situacións propias do ámbito educativo (pedir aclaracións, intercambiar opinións e expor conclusións).	B1.8.	LGB1.8.1. LGB1.8.2.
B1.9.	Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.	B1.9.	LGB1.9.1. LGB1.9.2. LGB1.9.3. LGB1.9.4. LGB1.9.5. LGB1.9.6.
B1.10.	Producir discursos breves e comprensibles sobre temas da vida cotiá, de interese persoal ou social.	B1.10.	LGB1.10.1. LGB1.10.2.
B2.3.	Comprender, interpretar e sintetizar escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial.	B2.3.	LGB2.3.1.
B2.10.	Producir, a partir dun modelo, textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.	B2.10.	LGB2.10.1. LGB2.10.2.
B2.11.	Producir, en soporte impreso ou dixital, textos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre as tarefas e aprendizaxes realizadas.	B2.11.	LGB2.11.1.
B2.12.	Producir textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.	B2.12.	LGB2.12.1.
B2.13.	Usar, con progresiva autonomía, as TIC (procesadores de texto e correctores ortográficos) para planificar, revisar e mellorar a presentación dos escritos.	B2.13.	LGB2.13.1. LGB2.13.2.
B2.14.	Avaliar o seu proceso de aprendizaxe cunha actitude activa e de confianza.	B2.14.	LGB2.14.1.

			LGB2.14.2.
B3.1.	Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula.	B3.1.	LGB3.1.1.
B3.4.	Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	B3.4.	LGB3.4.1. LGB3.4.2.
B3.5.	Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión textual.	B3.5.	LGB3.5.1.
B3.6.	Recoñecer e explicar o uso das distintas categorías gramaticais, utilizar este coñecemento para distinguir erros e diferenciar as flexivas das non flexivas.	B3.6.	LGB3.6.1.
B3.11.	Aplicar progresivamente o coñecemento e o uso das estratexias de autoavaliación e a aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe.	B3.11.	LGB3.11.1.
B3.12.	Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	B3.12.	LGB3.12.1.
B3.13.	Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	B3.13.	LGB3.13.1.
B4.4.	Coñecer a situación sociolingüística e legal das linguas de España.	B4.6.	LGB4.4.1.
B4.5.	Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.	B4.7.	LGB4.5.1
B4.6.	Recoñecer e apreciar as variantes diatópicas do galego.	B4.8.	LGB4.6.1. LGB4.6.2. LGB4.6.3.
B5.6.	Escribir textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.	B5.6.	LGLB5.6.1
B5.8.	Familiarizarse, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura de información básica e a resolución de dúbidas de traballo.	B5.8.	LGLB5.8.1

## 1.2. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Enténdese a avaliación como un proceso integral, no que se contemplan diversas dimensións pero ningún método ou técnica vai ser utilizado de forma exclusiva senón que se combinarán varios instrumentos para ter unha avaliación do maior número posible de aspectos. Teranse en conta para a avaliación e cualificación do alumnado os seguintes factores:

- . Actitude positiva e interese cara a materia.
- Caderno de traballo do alumno: Terán que figurar todas as actividades coa data correspondente, ordenadas e corrixidas con bolígrafo verde. A non realización de tarefas fará que o alumno leve unha nota a asinar polos seus pais.
- Ficha da profesora para o seguimento do traballo diario. Terase en conta:
  - rendemento: aplicación de coñecementos adquiridos
  - profundización: busca de información, realización de actividades de ampliación, elaboración ,de conclusións
  - achegas orixinais e creativas
  - interese, comportamento e actitude
  - participación e colaboración cos compañeiros e compañeiras
  - emprego da lingua galega nas intervencións orais na aula
  - cumprimento e puntualidade nos prazos de entrega .
- Autoavaliación do alumnado e autocorreccións .
- Traballos escritos individuais. Terase en conta:
  - organización do discurso
  - coherencia, cohesión, puntuación
  - corrección morfosintáctica , e ortográfica
  - léxico sen castelanismos
  - presentación e caligrafía
  - orixinalidade e creatividade .
  - creación de textos literarios, creación de poemas seguindo certas pautas, valorando se os coñecementos adquiridos foron o punto de partida para unha produción literaria propia.
- Traballo en grupo: Terase en conta:
  - organización e distribución das tarefas
  - colaboración entre os compoñentes
  - esfuerzo e autosuperación
  - que o contido se axuste á actividade proposta polo profesorado



os mesmos que nas exposicións orais e nos traballos escritos.

- Terase en conta que o alumnado utilice o dicionario na busca de significados do vocabulario descoñecido. Teñen que habituarse a usar as palabras con precisión e adecuación nos textos, tanto orais como escritos, que produzan. O alumnado alternará a determinación do significado polo contexto e a consulta do dicionario, tanto na aula como fóra.
- Exposición oral de traballos previamente planificados  
organización do discurso  
coherencia e cohesión  
corrección morfosintáctica  
léxico sen castelanismos  
entoación, volume, e interacción co resto do grupo.  
orixinalidade e creatividade.
- Comentarios de textos e fragmentos, con busca de materiais , manexando diferentes fontes.
- Lectura comprensiva: Distinguir as ideas principais e valorarase a busca de información.
- Lectura en voz alta (velocidade , entoación, pausas, dramatización ... )
- Lectura de libros propostos , así como a confección dunha ficha onde consten os datos de título,autor,ilustrador, tradutor, editorial, lugar e ano de edición e ISBN.
- Probas semanais, mensuais ou trimestrais .
- Realizaranse probas sorpresa para comprobar o grao de estudo diario.
- Haberá tres avaliacións e un exame final de toda a materia dada. Se un alumno suspendese algunha avaliación fará esa proba final,de toda a materia, no mes de xuño, incluíndo as lecturas obrigatorias de cada avaliación. En caso de obter unha cualificación negativa terá que presentarse á proba de setembro. Nesta proba entrará toda a materia dada no curso e as lecturas obrigatorias.
- A profesora ten a facultade de eliminar esa proba final, se o considerase oportuno, ao alumnado que teña superadas as tres avaliacións coas lecturas correspondentes.

As lecturas serán obxecto de exame en cada trimestre. Será condición indispensable para conseguir o aprobado da materia de Lingua Galega no seu conxunto que haxa unha clara constatación da lectura e comprensión do libro de cada avaliación.

## 2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación do alumnado será unha media ponderada entre os seguintes aspectos:

- Exames de avaliación, probas semanais, mensuais ou trimestrais, orais e escritas. Exames que se puntuarán de 0 a 10 puntos. Para aprobar un exame haberá que obter unha nota igual ou superior a 5.
- Exame de vocabulario das unidades didácticas correspondentes a cada avaliación. Proba consistente en escribir o significado estudado sen faltas, entre 15 e 20 palabras. Exame que non constará dunha nota numérica, terán que ter ben o seu significado para ter unha avaliación positiva no seu conxunto.
- Farase tamén un exame do apéndice gramatical que contará para facer media sempre e cando a nota dos exames sexa un mínimo de aprobado.
- Traballo de aula. A observación do traballo diario farase segundo o establecido no apartado 4.3
- Haberá, ademais, unha proba sobre a obra de lectura obrigatoria por avaliación. Superala é condición indispensable para aprobar a materia.
- A proba pode ser oral ou escrita de cada un dos libros por avaliación. Constará de preguntas de comprensión lectora e catro localizacións.

Para ter aprobado o libro de lectura obrigatoria só se permitirá un fallo na localización e outro fallo nas preguntas de comprensión lectora.

A localización consiste na lectura dun texto por parte da profesora e, o /a alumno/alumna localizará ese fragmento sinalando a páxina onde aparece, demostrando unha clara constatación da comprensión do lido.

A nota media dos exames suporá o 90% da nota final da avaliación, o 10% restante obterase da observación diaria do traballo de aula.

A nota mínima para obter unha avaliación positiva é de cinco (5).

Se un alumno suspendese algunha avaliación fará unha proba de toda a materia no mes de xuño, incluíndo as lecturas obrigatorias de cada avaliación. En caso de obter unha cualificación negativa terá que presentarse á proba de setembro con toda a materia.

Se un alumno fose descuberto copiando nun exame, suspenderao de xeito automático.

Os alumnos con A.C serán cualificados seguindo os mesmos procedementos pero adaptando as probas, traballos e exames ás súas características.

### 3.1. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

<i>Clave contido</i>	<i>Definición</i>	<i>Estándares de aprendizaxe</i>
B2.3.	Comprensión, interpretación e síntese de textos dos medios de comunicación, fundamentalmente textos narrativos.	LGB2.3.1.
B3.1.	Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.	LGB3.1.1.
B3.4.	Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	LGB3.4.1. LGB3.4.2.
B3.6.	Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais básicas (substantivo, adxectivo cualificativo, verbo, adverbio, etc.) así como a diferenza entre palabras flexivas e non flexivas para a creación e comprensión de textos.	LGB3.6.1.
B3.9.	Coñecemento das regras de concordancia e das funcións sintácticas principais no seo da oración para elaborar enunciados cun estilo cohesionado e correcto.	LGB3.9.1 LGB3.9.2
B3.13.	Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.	LGB3.13.1.
B4.5.	Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecendo o xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.	LGB4.3.1.
B4.6.	Situación sociolingüística e legal das linguas de España.	LGB4.4.1.
B5.2.	Comparación de textos literarios e non literarios e diferenciación de textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.	LGLB5.2.1. LGLB5.2.2.
B5.3.	Lectura expresiva e comprensiva, audicións de poemas recitados ou cantados, determinación da temática ou temáticas abordadas e descrición dos valores estilísticos dos textos.	LGLB5.3.1.
B5.7.	Descrición e caracterización dos trazos definatorios básicos do cómic e a canción como linguaxes artísticas.	LGLB5.7.1 LGLB5.7.2 LGLB5.7.3 LGLB5.7.4
	Ler as tres obras de lectura obrigatoria e realizar os traballos e/ou exames correspondentes.	

## MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA

- As obras de lectura obrigatoria.
- A palabra. Clases.
- O enunciado: suxeito, predicado, núcleos.
- Clases de predicado. A estrutura do predicado e os seus complementos.
- O verbo: raíz e desinencias. As conxugacións verbais. Verbos regulares e irregulares.
- Os determinantes, clases e as súas contraccións. Os pronomes, adverbios.
- O substantivo, o artigo, o adxectivo.
- O vocabulario de cada unidade didáctica.
- O alfabeto. Os dígrafos.
- Uso do r, rr.
- O son /g/, /z/, /k/, /v/.
- As grafías: v. B, h, x.
- Acentuación e diacríticos.
- A literatura popular e culta.
- Prosa e verso. Poema, estrofa. Principais xéneros en verso.
- Principais poemas: o soneto e o romance.
- A medida dos versos. A clasificación dos versos segundo a súa medida.
- A rima, tipos. A análise métrica.
- Os recursos literarios: personificación, hipérbole, paradoxo, antítese, metáfora...
- Narración culta e tradicional.
- O conto, as lendas, a noticia, a crónica.
- O cómic.
- Apéndices: gramática e conxugacións verbais.